



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/7	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	5 de xullo de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 21:30 ata as 22:05 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria accidental</b>	MARIA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

### Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### **A) PARTE RESOLUTIVA**

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE XUÑO DE 2018**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de xuño 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

##### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE XUÑO DE 2018.**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 15 de xuño de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-639 ao número 2018-732 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Concello da Estrada**



Comeza a rolda a voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, manifestando a súa preocupación e a dos veciños polo mal estado en que se atopan as pistas da parroquia de Riveira, pedindo que se proceda ao desbroce das mesmas polo alto risco de perigosidade na circulación vial a causa da falta de visibilidade.

Continúa trasladando as queixas dos veciños de Requián, Lagartóns e Rivela (lugar de Trabadela) polo estado na que se atopan as súas estradas, pedindo que non se agarden ás vésperas das súas respectivas festas para arranxalas, senón que se proceda xa as súas reparacións.

Por outra banda, lembra unha moción presentada polo seu grupo no ano 2014 en relación coa situación do cuartel da Garda Civil, que derivou nun acordo plenario para instar ao órgano competente para que dotase de máis persoal a dito cuartel, preguntado se se tivo resposta a aquel requirimento ou se se fixo algunha xestión ao respecto.

Resposta o **Sr. Alcalde** que dende o Concello se está avanzando no tema dos desbroces, sendo consciente das moitas queixas dos veciños sobre as estradas de competencia da Deputación de Pontevedra; pero, con respecto ás de competencia municipal, di que existe unha planificación que se está a levar a cabo, intentando chegar a cada pista ou camiño do noso municipio

No relativo á pregunta sobre o cuartel da Garda Civil, manifesta que é coñecedor da existencia de certos problemas, sorprendéndolle a información publicada nos medios de comunicación sobre o estado no que se atopa esta instalación e, de feito, reuniuse cos sindicatos que lle informaron da situación actual producida pola baixa de efectivos, polo que aproveitará que mañá o Capitán da Garda Civil virá á Estrada para intentar ver cales serían as posibles solucións e, así, solventar o problema existente dunha maneira razoable e efectiva.

A **Sra. Belén Louzao** lle lembra que o benestar dos/as estradenses si son competencia deste Concello, polo que é importante buscarlle unha solución inmediata a un problema que se ben arrastrando dende o ano 2014, polo que é importante que se dote de máis persoal a este servizo e tamén se considere esa posición de instalar o posto principal na Estrada.

Continúa na súa intervención poñendo en coñecemento dos membros do Pleno do malestar dos/das veciños/as da rúa Gradín pola falta de limpeza das beirarrúas así como da existencia de maleza nas mesmas, polo que roga que se comprobe esta situación e se lle poña solución.

Por último traslada que os/as veciños/as do rural están molestos polo estado deficiente no que se atopan algúns contedores de lixo, xa que non só se trata de que estean rotas as súas tapas ou rodas, senón que moitos deles teñen os seus frontais rotos, de xeito que o lixo sae para fóra. Prega, ante esta situación, que se reponan ou substitúan ditos contedores.

O **Sr. Alcalde** lle responde que dende o Concello se requiriu aos veciños propietarios dos terreos da rúa Gradín para que procedan á súa limpeza e así evitar que a maleza invada ás beirarrúas.

No relativo ao tema dos contedores no rural, informa que se está pendente de recibir os novos contedores despois da adxudicación da respectiva contratación, xa que neste momento non existen contedores de reserva.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que, sabendo que o Capitán da Garda Civil vai a visitar o noso concello, se lle pida que se reanude o servizo de expedición de DNI.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para informarlle que a xestión dos DNI non é



competencia da Garda Civil senón da Política Nacional, así como que este servizo se segue facendo nas instalacións da Policía Local, pero nunhas datas determinadas do ano.

A **Sra. Mar Blanco** aclara que llo dicía porque cando se pide cita previa a través de internet non aparece a opción de escoller á Estrada, así como que a Garda Civil di que non ten constancia de que na Estrada se poida renovar o DNI. De todos xeitos pide que esta información se dea na páxina web municipal.

O **Sr. Alcalde** lle volve a dicir que a Garda Civil non ten competencia nesta materia, senón que é a Policía Nacional quen ten a facultade de outorgar ou renovar o DNI. No que respecta á posibilidade de solicitar a cita a través de internet, di que na páxina web correspondente se contemplan aquelas oficinas que prestan o servizo de maneira fixa e continuada e por persoal cualificado, e na Estrada se trata dun servizo no cal o persoal responsable ten que desprazarse ás oficinas da Policía Local en datas determinadas. Tamén informa que se pasou de vir unha vez ao mes a vir dúas veces.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** para transmitir que o Concello e as distintas administracións públicas teñen a obriga de cumprir a lei de incendios, polo que deben manter limpos os camiños e as fincas de titularidade pública, e así dar exemplo aos particulares e aos que se lles esixe manter limpas as súas propiedades; polo anterior, prega que se requira a aqueles organismos públicos que cumpran coa nomeada lei e procedan á limpeza das estradas e camiños das súas respectivas titularidades, rogando tamén que este Concello esixa á Xunta de Galicia que limpe os cortalumes e camiños de Monte Cávado (Montillón), obxecto de varias solicitudes polos veciños á Xunta de Galicia, sen contestación algunha.

Na mesma liña, pide que se leven a cabo os desbroces en Couso e Barcala (comprometidos no pasado mes de marzo).

Comunica da existencia dun solar en estado de abandono na rúa Marín, no cal existe unha casa cuberta totalmente pola maleza, causando prexuízo ás fincas que lindan con dito solar, polo que pide que dende o Concello se fagan os trámites necesarios para poñer solución a este problema.

Pide que se faga limpeza na rúa da Cultura, xa que nestes días apareceu unha acumulación de lixo na mesma.

Prega que se proceda a arranxar un buraco na recente asfaltada Avenida de Vigo, á altura da Gardería "Elfos".

Traslada a petición dos veciños da rúa Decoita para que procedan ao seu asfaltado, sobre todo ao final da mesma (tomando como inicio o cruce coa Avenida de Vigo).

Solicita que se incremente o número de contedores de lixo na Avenida de Santiago, en concreto á altura do local "Invictus", xa que se abriu outro bar-tapería na zona, e o contedores existentes son insuficientes. Así mesmo, que se instale máis contedores na rúa sita detrás da Seat.

Por último, pregunta se foi solicitada subvención con destino á dinamización da lectura para a Casa das Letras, xa que a Xunta de Galicia destinou unha partida orzamentaria de case douscentos mil euros repartidos entre case duascenas bibliotecas públicas de Galicia (previa solicitude), sen embargo, nesa relación non aparece o Concello da Estrada como beneficiario, sendo esta a razón que motiva a súa pregunta.

O **Sr. Alcalde**, con respecto a esta última pregunta, di que descoñece este tema, pero lle preguntará ao departamento municipal de Cultura, e se lle contestará ao respecto.

No relativo ao tema dos contedores de lixo, unha vez subministrados polas



empresas adxudicatarias, se empezará o traballo de distribuílos segundo a súa necesidade e as características de cada rúa ou lugar (no caso do rural), tendo en conta que os novos contedores teñen o triplo de capacidade que os existentes así como a necesidade de contar co apoio dos camións de recollida selectiva; finalmente, espera que neste mes de xullo se teña deseñada esta planificación.

No relativa á petición dos veciños para que a Xunta de Galicia limpe os camiños cortalumes de Monte Cávado en Montillón, di que non é coñecedor desta problemática, sen embargo cre que a Xunta de Galicia non está levando a cabo estas actuacións, polo que valorará a situación para ver si as nosas brigadas de incendios poden facer ese traballo.

Inicia a súa quenda o voceiro do grupo político municipal do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para transmitir varios rogos, o primeiro deles que se supriman os pasos de peóns existentes nalgúns lombos de burro, en concreto na Avenida Fernando Conde.

O **Sr. Alcalde** di que sabe a que se refire, xa que se trata dun paso de peóns sito nesta avenida é que está duplicado, orixinando a imposición de multas por infracción, polo que está de acordo co proposto polo Sr. Magariños, pero se agora non se soluciona é porque esta avenida vai a ser reformada proximamente, previa licitación, e deste xeito os lombos de burro se axustarán á normativa e se solucionarán tamén outros problemas existentes ao longo desta rúa.

O **Sr. Magariños** lle informa que hai outro caso similar na rúa 25 de Xullo. Continuando coa súa intervención, prega que sexa reparado o vial que vai dende Tabeirós a Parada e que se atopa nun estado lamentable.

O **Sr. Alcalde** lle informa que esta estrada está contemplado nun proxecto de asfaltado pendente de desenvolver.

Tamén pide o **Sr. Magariños** que se faga un control de ruído durante as festas, xa que, tanto o provocado polas atraccións como polas orquestras, é insufrible para os veciños, ademais de supoñer un perigo para a saúde, polo que se debe esixir que se cumpran as normas aplicables no que respecta ao control de volume do son.

Di o **Sr. Alcalde** que se trata dun tema moi difícil de controlar e regular, xa que cada vez as orquestras veñen equipadas con equipos máis modernos, pero toma nota desta petición.

Continúa o **Sr. Xosé Magariños** para dicir que hai varias árbores secas na Praza da Feira, polo que deberían de repoñerse, pero antes sería necesario facer un estudo sobre as causas que provocaron a seca das mesmas.

Solicita que sexa reparada a existencia dun burato na rúa San Paio, á altura do semáforo no cruce coa rúa Gradín, xa que mostra moito perigo, sobre todo porque sobrasae del unha barilla metálica.

Por último traslada a necesidade urxente de desbrozar unha pista en Paramá, que vai dende Portela a Souto de Veá, así como a limpeza da súa cuneta.

Para finalizar, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se desexa participar nesta sesión plenaria, en aplicación ao Regulamento de Participación Cidadá, e non habendo ningunha intervención, levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas cinco minutos.



## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233